



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE XERAL PARA O SECTOR MINEIRO DE GALICIA NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o desenvolvemento dunha serie de actuacións de interese xeral para o sector mineiro de Galicia, en concreto as actuacións obxecto do convenio englobanse nos programas que se indican a continuación:

- a) Programa de comunicación cos socios.
- b) Programa de asesoramento e documentación.
- c) Programa de representación, promoción social e divulgación do sector.
- d) Programa para o mantemento e actualización do Catastro Mineiro de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de





utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Regulamento de Réxime Interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de Réxime Interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

A Consellería de Economía e Industria achegará ata un máximo de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **39.04.734A.481.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas

Pablo Fernández Vila

